| CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.  | Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción de imaxe en movemento dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.                        |           |          |
| CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.   | Capacidade para desenvolver unha animación sinxela con intencións expresivas e comunicativas. Capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.                 |           |          |
| CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.   | Amosar interese no proceso creativo e nos medios, técnicas e formatos.  |           |          |
| CA2.4 - Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados. | Capacidade para desenvolver unha narrativa de imaxe en movemento sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios dixitais idóneos para obter os resultados desexados. | TI        | 100      |
| CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.  | Amosar iniciativa para desenvolver unha idea de animación, seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.  |           |          |
| CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.   | Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.   |           |          |
| CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.  | Amosar interese pola imaxe en movemento. Comprender o seu valor como elemento expresivo e de comunicación.  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| - O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva). |
| - Técnicas básicas de animación.   |



| UD | Título da UD          | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 10 | Linguaxe audiovisual. | 9        |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.  | Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción audiovisual relevante, dunha época determinada, atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.   | TI | 100 |
| CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.   | Capacidade para desenvolver unha realización audiovisual sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.   |    |     |
| CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.   | Amosar interese no proceso creativo e nos medios, técnicas e formatos.   |    |     |
| CA2.4 - Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados. | Capacidade para desenvolver un pequeno proxecto audiovisual con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios dixitais idóneos para obter os resultados desexados.   |    |     |
| CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.  | Amosar iniciativa para desenvolver unha idea desenvolvendo as fases de preprodución, produción e postprodución, respetando os roles dos membros do equipo e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo. |    |     |
| CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.   | Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.  |    |     |
| CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.  | Amosar interese polo feito audiovisual. Comprender o seu valor como elemento expresivo e de comunicación.  |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| - Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard.<br>- O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva).<br>- Recursos dixitais para a creación de proxectos de videoarte. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 11 | Publicidade. | 7        |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.  | Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción publicitaria dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.                         | TI | 100 |
| CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.   | Capacidade para desenvolver un exemplo de publicidade sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.             |    |     |
| CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.   | Amosar interese no proceso creativo e nos medios, técnicas e formatos.  |    |     |
| CA2.4 - Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados. | Capacidade para desenvolver unha publicidade audiovisual sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios dixitais idóneos para obter os resultados desexados. |    |     |
| CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.  | Amosar iniciativa para desenvolver gráficamente unha idea seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.   |    |     |
| CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.   | Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.   |    |     |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa. | Amosar interese polo campo da publicidade e as súas ferramentas. Comprender o seu valor como elemento expresivo e de comunicación. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard.</li> <li>- O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva).</li> <li>- Publicidade: recursos formais, lingüísticos e persuasivos. Estereotipos e sociedade de consumo. O sexismo e os canons corporais e sexuais nos medios de comunicación.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 12        | Xeometría plana.    | 7               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.   | Amosar interese polos elementos da xeometría e a súa aplicación no deseño. Ter coñecemento dos medios, técnicas e formatos elementais.  |           |          |
| CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos. | Capacidade para xerar formas mediante procesos da xeometría plana: formas poligonais elementais, transformacións xeométricas básicas e realización de enlaces e tanxencias entre rectas e arcos de circunferencias. | TI        | 100      |
| CA3.3 - Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.   | Amosar claridade e precisión básicas nas realizacións.  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Construcións xeométricas fundamentais.</li> <li>- Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.</li> </ul> |

| UD | Título da UD          | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 13 | Xeometría descritiva. | 7        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|---|---|----|-----|
| CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.   | Amosar interese polos diferentes sistemas de representación e a súa aplicación no deseño. Ter coñecemento dos principios básicos de cada sistema visto. | TI | 100 |
| CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos. | Capacidade para representar volumes sinxelos nos diferentes sistemas de representación, a partires duns datos.  |    |     |
| CA3.3 - Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.   | Amosar unhas destrezas básicas na representación así como un nivel aceptable de precisión, claridade e limpeza nas representacións.                     |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivos.</li> <li>- Conceptos básicos de normalización.</li> <li>- Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.</li> </ul> |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 14 | Deseño.      | 7        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente. | Capacidade para emitir unha valoración sobre produtos de deseño dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción. | TI | 100 |
| CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.   | Capacidade básica para empregar a linguaxe técnica de representación para a definición das formas e volumes deseñados.                               |    |     |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.             | Desenvolver as fases do deseño dun obxecto sinxelo, chegando a unha definición formal, empregando medios técnicos axeitados. |           |          |
| CA3.4 - Analizar o resultado final da creación dun produto de creación gráfica de tipo técnico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados. | Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.                        |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Campos e ramas do deseño: gráfico, de produto, de moda, de interiores, escenografía.</li> <li>- Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.</li> </ul> |

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual de 4º da ESO é unha continuidade e ampliación do currículo de 3º e terá algúns contidos comúns a materias como Matemáticas e Tecnoloxía especialmente nos referidos á xeometría.

Seguiremos introducíndonos no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e principais técnicas de creación gráfico-plástica, repasando as obras máis representativas da historia da arte. Tamén profundizar nos mecanismos que nos permiten trasladar, desde a normalización e os sistemas de representación, os obxectos imaxinados ou reais ao papel ou á pantalla. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual.

Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado, nalgunha ocasión, a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual podemos utilizar distintas metodoloxías. Velaquí algunhas suxestións:

- 1) Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.
- 2) Avaliación inicial, se se considera necesario, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.
- 3) É moi exemplarizante e de gran axuda, amosar os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.
- 4) Exposición dos contidos que o alumnado debe entender para a realización dos exercicios onde intervirá unha

metodoloxía investigadora e creadora, o traballo en grupo e, por suposto, o traballo guiado polo profesorado. Acompañada da explicación daquelas características que suman ou restan puntos ao traballo.

5) Elaboración dos exercicios durante as horas lectivas.

6) Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.

7) Nos exercicios a realizar nas horas lectivas teranse en conta as seguintes pautas:

- A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.
- Os bosquejos previos e definitivos.
- A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.
- O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrado polo alumnado.

O resultado será valorado en función do progreso do alumnado, na consecución da adquisición das competencias clave, a través da avaliación dos criterios establecidos mediante unha rúbrica (deseñada conxuntamente pola docente xunto co alumnado) onde figurará unha ponderación en cada apartado.

O alumnado poderá participar na selección das actividades a realizar, sempre que as súas propostas respondan aos obxectivos dos bloques de contidos.

#### UNIDADES DIDÁCTICAS TRANSVERSAIS

En canto ao propio currículo deste curso, nesta materia, consideramos que as unidades didácticas referidas ó debuxo técnico e aos sistemas de representación poden darse nos tres trimestres. Deste xeito, coa alternancia de contidos, os elementos curriculares son menos monótonos e se estenden máis no tempo axudando a adquisición dos procedementos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Mesas de debuxo  |
| Ordenador con conexión a Internet e proxector con pantalla.  |
| Acceso á aula de ordenadores con conexión a Internet.  |
| Aula virtual.  |
| Acceso á fotocopiadora ou impresora a cor.   |
| Carboncillo, lapis conté e sanguina.   |
| Tórculo de uso escolar.  |
| Materiais para realizar gravado: Planchas de linóleo, planchas de acetato, papel de aluminio, xogos de gubias, xogos de punta seca, tinta de gravado (maxenta, cian, amarelo, branco e negro), espátulas, rodillos de gravado, planchas de vidro e bandexas. |
| Vertedoiros con conexión á rede de abastecemento de auga.  |
| Afialapis de mesa.   |
| Pintura aerosol (tres cores).  |

|  |
|--|
| Materials para modelado: bases de modelado, arxila e ferramentas de madeira ou plástico para modelado. |
| Cámara reflex dixital.   |
| Trípodes para teléfono móbil.  |
| Pintura acrílica (Maxenta, cian, amarelo, branco e negro).   |
| Paletas de mestura.  |
| Tinta para aguadas (cinco cores).  |
| Bases de corte e cortadores de precisión.  |

O alumnado deberá aportar algún material propio:

- Lapis de diferentes durezas e goma branda.
- Lapis de cores.
- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Pinceis planos e redondos nº 12
- Papel para debuxo a acuarela.
- Regra (30 cm).
- Compás.

Na aula haberá dispoñibles algúns destes materiais para uso do alumnado, de ser necesario.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O procedemento seleccionado para a valoración inicial do alumnado consiste en:

A - Prácticamente todos os alumnos do curso xa o foron en cursos anteriores, co cal se fará unha entrevista cos de nova incorporación ao centro co fin de coñecer as súas inquiredanzas e intereses.

B - Unha enquisa orientada a:

- \* Coñecer o grao de interese do alumnado pola materia e as súas perspectivas de cara a cursos vindeiros.
- \* Ter unha referencia sobre as partes da materia lles interesa máis.
- \* Grao de desenvolvemento dixital.
- \* Posibilidade de acceso a ferramentas dixitais.
- \* Manexo da aula virtual.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica             | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-------------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|-------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | 7    | 7    | 7    | 7    | 7    | 7    | 7    | 7    | 7    | 7     |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100   |

| Unidade didáctica             | UD 11    | UD 12    | UD 13    | UD 14    | Total      |
|-------------------------------|----------|----------|----------|----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>7</b> | <b>7</b> | <b>7</b> | <b>9</b> | <b>100</b> |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 100      | 100      | 100      | 100      | <b>100</b> |

### Crterios de cualificación:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:

- Mediante entregas de traballos teóricos e prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. A nota será menor, de entregarse a tarefa fóra de prazo. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 70%
- A través de probas teórico-prácticas, nas unidades didácticas que así o requiran. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 20%
- Coidado do material e limpeza e organización nos traballos entregados: 10%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na avaliación. O traballo debe facerse na aula aínda que podan rematar certas actividades na casa.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden aplicar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. Un exemplo dalgúns que se poden empregar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.
- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).
- É quen de expresar con corrección os conceptos e utilizar a terminoloxía sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da práctica.
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.
- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto.
- Nos traballos realizados en grupo, leva a cabo as tarefas asignadas e a súa participación é respectuosa e colaborativa.

#### CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá nunha media ponderada, na que o peso da avaliación final é o maior. Isto débese a que hai contidos que se tratan só nunha avaliación e outros que se tratan de contidos progresivos, que van acadándose en maior medida segundo avanza o curso.

Peso de cada avaliación na ponderación final:

- 1ª avaliación: 30%
- 2ª avaliación: 30%
- 3ª avaliación: 40%

### Crterios de recuperación:

As avaliacións recuperaranse entregando as actividades prácticas non entregadas ou re-entregando aquelas que non obtivesen a cualificación mínima. As entregas deberán realizarse dentro do prazo establecido e preferentemente dixitalizadas a través da aula virtual.

No caso de non ter superada a materia tras a terceira avaliación, o alumnado poderá superar a materia mediante unha proba escrita na convocatoria ordinaria e mediante outra na convocatoria extraordinaria. No caso de superar a proba escrita (cualificación superior a 5 puntos) @ alumn@ considérase aprobado e a cualificación final obterase tras realizar a media entre a cualificación do examen e a media dos traballos. Se esta media é inferior a cinco @ alum@ obterá cinco puntos como nota final.



## 6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

**MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:** supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.

- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.

- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.

- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.

- En caso de alumnos con necesidades educativas especiais (ACNEE) realizaremos adaptacións de accesibilidade ao currículo así como recursos de apoio que o favorezan.

- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.

- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.

- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

**MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:**

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

**MEDIDAS ORGANIZATIVAS:**

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos en pequenos grupos, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos complicados.

- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.

- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora.                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita.                | X    |      |      |      |      |      | X    |      |
| ET.3 - Comunicación audiovisual                 |      |      |      |      |      |      |      | X    |
| ET.4 - Competencia dixital                      |      |      |      |      |      |      |      | X    |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial       |      |      |      |      |      |      | X    | X    |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación emocional e en valores         | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - Igualdade de xénero                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Creatividade                             | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|   | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 |
|---|------|-------|-------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Comprensión lectora.                     | X    | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.2 - Expresión oral e escrita.                |      | X     | X     |       |       | X     |
| ET.3 - Comunicación audiovisual                 | X    | X     | X     |       |       |       |
| ET.4 - Competencia dixital                      | X    | X     |       | X     | X     | X     |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial       |      | X     | X     |       |       | X     |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X    | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.7 - Educación emocional e en valores         | X    | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.8 - Igualdade de xénero                      | X    | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.9 - Creatividade                             | X    | X     | X     | X     | X     | X     |

### Observacións:

Se ben todas as actividades propostas permiten afianzar e traballar os elementos transversais citados (Independentemente da unidade didáctica á que pertencen) sinálanse aquelas unidades didácticas máis relevantes no fomento dos elementos transversais concretos.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                                 | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Visita á cidade de Compostela (CGAC)       | Uns dos obxectivos desta materia é o de xerar o hábito de achegarse aos museos e disfrutar das pezas artísticas promovendo a investigación previa sobre as mesmas. Rematar a visita facendo un taller de arte (gravado, pintura, debuxo, fotografía, etc) fai que o alumnado enriqueza a súa visión da produción artística |          | X        |          |
| Charla con un artista plástico ou artesán. | Trátase de poñer en contacto ao grupo cun artista no seu espazo de traballo para que o alumnado poda ter unha visión real de como se desenrola a actividade artística. O desenvolvemento dos medios dixitais permiten hoxe simplificar estas actividades de interacción.   |          |          | X        |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico   |
| (P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.  |
| (P) - Dase a coñecer a programación ao alumnado e se lle facilita o acceso ao contido da mesma por medios dixitais (aula virtual, espazo web, etc)   |
| (P) - Fanse anotacións durante as revisións da programación para a mellora e optimización da mesma de cara a vindeiros cursos.                       |
| (AV) - Os instrumentos de avaliación empregados, así como o seu peso, correspóndense co previsto na programación didáctica.                          |
| Metodoloxía empregada  |
| (M) - O alumnado entende a dinámica de traballo na aula e a segue sen problema.  |
| (M) - O emprego da aula virtual é axeitado por parte do alumnado. Acceden regularmente aos contidos e fan as entregas seguindo as instrucións dadas. |
| (M) - O grao de participación durante as explicacións é axeitado? Aínda que en diferente grao, participa todo o alumnado?                            |
| (M) - Impleméntanse rúbricas nos exercicios prácticos para que o alumnado poda coñecer os aspectos que se avalían?.                                  |
| (M) - O grao de participación do alumnado nos exercicios prácticos de grupo é axeitado?  |
| (AV) - Tras a realización dun exercicio práctico, valórase a idoneidade do mesmo e o grao de resposta dado polo alumnado?                            |
| (AV) - Unha vez rematado un trimestre, deseñase un plan de recuperación para o alumnado que precise recuperar a materia?                             |
| (AV) - No deseño das probas e exercicios prácticos téñense en conta as competencias clave?   |

|  |
|--|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos   |
| (M) - Amósanse suficientes exemplos para que o alumnado teña referencias dos exercicios prácticos que debe desenvolver?                  |
| (M) - Hai un diario de clases dispoñible online para o alumnado onde se indica a materia/o traballo realizado en cada sesión.            |
| (AV) - O alumnado coñece os criterios de avaliación e o peso na cualificación das probas escritas e exercicios prácticos.                |
| Medidas de atención á diversidade  |
| (AD) - A programación contempla a atención á diversidade?  |
| (AD) - Dispónse de toda a información relativa ao alumnado antes do comezo do curso?   |
| (AD) - Tense en conta a AD na organización da aula e na creación de grupos para os traballos?  |
| (AD) - Coñécense e aplícanse os protocolos pertinentes no caso de ser necesario?   |
| (AD) - Adáptanse as probas escritas e os exercicios prácticos ao alumnado que o precise, seguindo criterios e recomendacións obxectivos? |
| Clima de traballo na aula  |
| (M) - Deséñase varias prácticas para facer en grupo?   |

### Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación de Expresión Artística de 4º de ESO realizarase con anterioridade ao comezo do curso académico. Para a súa realización terase en conta:

- Os cambios ou axustes normativos que puideran terse producido con aplicación no novo curso.
- As anotacións e propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase ao remate de cada unidade didáctica para identificar carencias no alumnado, e en cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

Durante o curso farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e os aspectos destacados e faranse constar nas actas das reunións de departamento.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro, entre outros, poden consistir en:

- Folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables.
- Diario de aula.

- Rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

## **9. Outros apartados**